



**Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

O Regulamento polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Consello Europeo do 11 de febreiro de 2021 establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as brechas sociais e territoriais,





que incentiva a formación continua e cre no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.

No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena.

Co fin de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe, como secretario xeral de Educación e Formación Profesional,

RESOLVO:

**Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación***

Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Segundo. *Principios***

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios, obxectivos e referentes que a continuación se indican.

1. Principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

2. Obxectivos:

- a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimice





a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.

b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.

c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa . para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.

d) Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

### 3. Referentes:

a) A transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións establecidas polo Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (DigCompOrg): pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.

b) O marco europeo propón unha análise do centro baseado en sete elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración. Cada centro poderá engadir outros elementos adecuados ás súas características específicas.

### **Terceiro. Procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital**

1. Ao longo do curso 2021-2022, cada centro dentro da súa autonomía elaborará o documento do Plan Dixital para que sirva de referencia a toda a comunidade educativa, de xeito que no curso 2022-2023 a súa aplicación sexa efectiva.

2. Para o deseño e elaboración do Plan Dixital porase a disposición de toda a comunidade educativa, a través do portal educativo, un espazo específico de competencia dixital na que se recollera toda a información e ferramentas para o seu desenvolvemento: <https://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital>, e procederase como se indica a continuación:

3. O procedemento a seguir será:

#### 3.1 Realizar a análise da situación do centro

A análise da situación do centros realizarase a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.

a) Informe SELFIE





Para a diagnose da situación en relación a competencia dixital, o centro usará a ferramenta de autoavaliación SELFIE, coa finalidade de obter en liña un informe de autoavaliación do centro (informe SELFIE). Esta ferramenta, desenvolta pola Comisión Europea ao abeiro do Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), está dispoñible de forma gratuíta para todos os centros educativos no sitio web indicado no punto 2.

#### b) Test de Competencia Dixital Docente (Test CDD)

De xeito complementario, o profesorado poderá realizar o test CDD baseado no marco DigCompEdu desde o seu perfil persoal. Este test permite obter un Informe Individual coa valoración global do seu nivel competencial (A1- C2), polas áreas deste Marco e devolve un detallado feedback.

Así mesmo, xera un Informe de Centro, sempre que máis do 20% do profesorado do centro o teña completado, a fin de mostrar resultados que sexan representativos.

### 3.2. Realizar a diagnose de situación do centro.

a) A partir do Informe SELFIE, o centro poderá xerar un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que lle permitirá a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

b) O Informe Individual do test CDD permitirá ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFPP.

### 4. Pautas para a elaboración do Plan Dixital

O Plan Dixital realizarase en base a información recollida do informe de análise da situación do centro e de acordo coa estrutura que se recolle no anexo.

### 5. Temporalización

5.1. Durante o primeiro trimestre do curso 2021-2022, o centro deberá realizar a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o test CDD, para poder iniciar a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

5.2. No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro.

No seu caso, o Plan Dixital será aprobado pola dirección do centro unha vez oído o claustro e será





elevado como informe ao Consello Social.

O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital conforme a proceso indicado no 3.2 anterior.

5.3. No curso 2022-2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

#### **Cuarto. Coordinación do Plan Dixital**

1. O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado -tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes. Para tal fin a dirección, en desenvolvemento da súa autonomía e en función das características e tipoloxía do centro, establecerá un equipo de dinamización do Plan Dixital e nomeará aos seus membros.

2. O equipo de dinamización do Plan Dixital estará formado pola persoa titular da dirección do centro, ou membro do equipo de dirección na que delegue, outro membro do claustro que actuará como coordinador e no seu caso as persoas que se designen a tal efecto.

3. Os centros que impartan ensinanzas de réxime xeral con menos de oito unidades e os centros que impartan exclusivamente ensinanzas de réxime especial ou de adultos con menos de oito docentes, poderán non conformar o equipo de dinamización do Plan Dixital. Neste caso, as funcións recollidas no punto 4 deste artigo serán asumidas por un membro do equipo directivo.

4. A persoa coordinadora do equipo de dinamización do Plan Dixital terá as seguintes funcións:

a) Colaborar co equipo directivo no deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital

b) Coordinar o equipo de dinamización do Plan Dixital.

c) Dirixir e organizar o proceso de autoavaliación coa ferramenta SELFIE (desde o rexistro na plataforma ata a recollida de resultados e o diálogo dentro da comunidade educativa sobre os mesmos).

d) Asesorar aos membros da comunidade educativa no desenvolvemento da ferramenta SELFIE e no deseño do Plan Dixital.

e) Deseñar e redactar, xunto co profesorado participante no equipo, o Plan Dixital.

f) Dinamizar o proceso de transformación dixital - dixitalización do centro educativo.





g) Avaliar os procesos postos en marcha, a súa repercusión e a adaptación das actuacións previstas se fose preciso.

h) Todas as funcións que fosen necesarias para o correcto desenvolvemento do deseño e aplicación do Plan Dixital.

5. Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro dentro da súa autonomía asignará un horario de dedicación á coordinación e dinamización do Plan Dixital.

6. Ao remate de cada curso escolar, a persoa coordinadora do Plan Dixital recibirá un certificado acreditativo de participación nunha actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado.

### **Quinto. Actuacións da Administración educativa**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade desenvolverá as seguintes medidas:

1. A Coordinación da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

2. Apoio e asesoramento aos centros docentes

a) Establecemento dunha rede específica de persoas mentoras que acompañarán aos centros educativos no **deseño, elaboración e implementación** do Plan Dixital.

b) Asistencia e asesoramento da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

c) Asesoramentos a través dos servizos de inspección educativa e da Rede de formación do profesorado.

3. Formación

a) Formación específica ao equipo directivo, ao profesorado do equipo de dinamización do Plan Dixital e demais persoal implicado no mesmo.

b) Realización por parte dos centros educativos dun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) asociado ao Plan Dixital.

c) Potenciación do traballo en rede dos centros docentes para o intercambio de coñecementos e experiencias.

3. Difusión das boas prácticas que se desenvolvan nos centros docentes.

As boas prácticas identificadas no deseño, elaboración e implementación do Plan nos diferentes centros





poderán ser divulgadas, en colaboración cos propios centros docentes, co fin de constituír modelos de referencia de organización e xestión destes.

#### **Sexto. Recursos.**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, poderá dotar aos centros de recursos.

Así mesmo, as actividades derivadas deste plan poderán estar cofinanciadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, no marco do Programa de Cooperación Territorial “Plan de Formación Profesional para o Crecemento Económico e Social e a Empregabilidade”, e pola Unión Europea-NextGenerationEU.

#### **Disposición adicional. Inspección educativa**

Correspóndelle a inspección educativa supervisar o proceso de implementación e desenvolvemento do Plan Dixital dos centros docentes, así como propor medidas de mellora, realizando as actuacións que correspondan conforme ao procedemento establecido pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

#### **Disposición derradeira. Entrada en vigor**

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<https://www.edu.xunta.gal>).

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2021

José Luís Mira Lema

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional



<b>Estrutura, orientacións e descrición dos elementos do Plan de Dixital</b>	
<b>ELEMENTOS</b>	<b>CONTIDO</b>
<b>Introdución</b>	Datos básicos do centro <ul style="list-style-type: none"> <li>• Contextualización do plan dixital no centro</li> <li>• Breve xustificación do mesmo</li> </ul>
<b>Situación de partida</b>	<p><b>Análise da situación</b> do centro respecto do uso das tecnoloxías dixitais. Pódese tomar como referencia os diferentes elementos temáticos do marco DigCompOrg:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Infraestrutura: equipamento tecnolóxico, conectividade, plataformas e servizos dixitais, mantemento dispoñibles, entre outras</li> <li>• Liderado e gobernanza (protocolos do centro, aspectos organizativos, procesos de comunicación)</li> <li>• Funcións e responsabilidades</li> <li>• Procesos de ensino e avaliación</li> <li>• Procesos formativos en competencia dixital docente</li> <li>• Mapa de activos: recursos, persoas, institucións e/ou administracións que poidan contribuir aos obxectivos do plan</li> </ul> <p><b>Autoavaliación SELFIE</b>            Como apoio aos centros educativos atópase dispoñible a ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, que proporciona un informe de situación. Páxina na que se detallan os pasos para usar SELFIE  <a href="https://ec.europa.eu/education/schools-go-digital/how-selfie-works_es">https://ec.europa.eu/education/schools-go-digital/how-selfie-works_es</a>            Páxina oficial de SELFIE <a href="https://ec.europa.eu/education/schools-go-digital_es">https://ec.europa.eu/education/schools-go-digital_es</a>            Sitio web: <a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital">https://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital</a>            A partir do Informe SELFIE, o centro poderá xerar unha análise DAFO que é de utilidade para a análise de situación e para a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.</p>
<b>Plan de actuación</b>	<b>Obxectivos:</b> específicos, medibles, realistas e axustados a un marco temporal.





	<p>Aínda que estes obxectivos se poden formular de diferentes maneiras, é coherente que se relacionen cos elementos temáticos do marco DigCompOrg. Para cada obxectivo definirase un indicador ou fórmula que permita identificar como alcanzado o obxectivo.</p>
	<p><b>Actuacións.</b> Deseñaranse actuacións para a consecución de cada obxectivo que inclúan:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• os recursos (humanos, equipamento e económicos)</li><li>• persoas responsables</li><li>• os indicadores de logros, instrumentos para medilos e prazos de realización.</li></ul> <p>As actuacións pódense organizar por liñas estratéxicas, de acordo cos elementos temáticos do marco DigCompOrg:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Infraestrutura</li><li>• Liderado e gobernanza</li><li>• Procesos de ensino e aprendizaxe</li><li>• Formación e desenvolvemento profesional</li><li>• Contidos</li><li>• Procesos de avaliación</li><li>• Redes de Apoio e Colaboración</li><li>• Outros elementos específicos do centro educativo, entre outros, seguridade e boas prácticas.</li></ul>
	<p><b>Avaliación do plan</b> Establecerase o procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- No contexto da avaliación procesual, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao trimestre, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, o estado da execución das actuacións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das actuacións e as propostas de mellora.</li><li>- No contexto da avaliación final mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.</li></ul>
	<p><b>Difusión do plan</b> Definir a estratexia ou protocolo para a publicidade e difusión do plan dixital entre a comunidade educativa.</p>

